## 1-CONTIDO

Scopus é unha base de datos multidisciplinar que contén gran cantidade de revistas, con información de citas e métricas. Podemos ver a texto completo o que temos subscrito.

## 2-COMO ACCEDER

Web da Biblioteca da UDC → Recursos de información →Bases de Datos → S → [Scopus](#).
Para acceder desde fóra da rede da UDC picar en *[Acceso desde fóra](#)* na web da Biblioteca da UDC.

## 3-DARSE DE ALTA COMO USUARIO

En [Create account] na parte superior dereita. É necesario para gardar e crear alertas, non para buscar.

## 4- PROCURA DE DOCUMENTOS:

É a que aparece por defecto ao abrir a base.
No despregable podemos elixir os campos en que imos buscar. Engadimos máis campos en + Add search field




### Resultados:

Na columna da esquerda temos unha serie de filtros para limitar máis a procura. Tamén podemos engadir un novo termo de procura.




Os resultados pódense ordenar, en Sort on: por ano, relevancia, autor, título da fonte e número de citas.

Picando sobre os **títulos** pódese:

- Ver a páxina do documento en detalle.
- Acceder á páxina do autor picando sobre o nome.
- Localizar o documento mediante o botón S·F·X (Tamén accesible baixo o título na listaxe de resultados).
- Ver o resumo, ao que tamén se accede desde a pantalla de resultados en View abstract
- Á dereita, ver **citas** e documentos relacionados.
- Consultar na parte inferior a bibliografía.
- Elixir na parte superior entre as opcións de saída:
  Export Download Print E-mail Save to PDF Add to List More...
  exportar (a Refworks, Mendeley, un excel,…) descargar arquivo, imprimir, enviar por correo, crear unha bibliografía ou engadilo a unha lista. Estas mesmas opcións as temos tamén no menú da pantalla de resultados.




É útil ir seleccionando na pantalla de resultados os que nos interesan (picando n o cadro da esquerda dos títulos) e gardalos nunha listaxe temporal con Add to List para despois exportalos ou descargar os pdfs masivamente (Se ao descargar un pdf aparécenos *Excluded*, probar desde S·F·X ).
Se entramos como usuario e gardamos a listaxe con Save to list poderemos recuperala en sesións posteriores.

### O historial de procuras:

Créase ao final da páxina de procura Search. Serve para editalas, gardalas ou crear unha alerta de procura.

## 5-BUSCAR AUTORES

Desde Search, mediante a pestana Authors
Inclúe procura por identificador ORCID.




Mostra o perfil de autor coas súas variantes.




### Ver o perfil do autor:

Picando sobre o nome do autor accedemos á páxina dos seus datos (se ten polo menos dúas publicacións en Scopus): variacións do nome, afiliación, bibliografía, avaliación do seu rendemento en ***Analyze autor output* e Índice h** (avalía o rendemento desde 1996), coautores, documentos que o citaron...

Podemos obter unha análise máis detallada e xerar un resumo de citas en ***View citation overview***.




Podemos solicitar variantes do nome do autor en ***Potential autor matches*** para unificalos ***Request to merge with author***.

Desde esta páxina de perfil de autor tamén podemos engadir os documentos a unha listaxe e gardalos, ou exportalos.

## 6-IDENTIFICACIÓN DE FILIACIÓN

En Search, desde a pestana Affiliations se introducimos un nome de institución obtemos as variantes de nome, o número de documentos publicados e en que áreas, autores e patentes.







## 7-MANTERSE INFORMADO

Se estamos rexistrados podemos configurar alertas e recibir avisos por correo electrónico.

-**Alertas de autor:** *desde a páxina de autor*. Pódense crear dous tipos de alertas picando en Set alert:

*Document alert* avísanos cada vez que se engade a Scopus unha publicación deste autor.
*Author citation alert*, cada vez que é citado noutro documento.

-**Alerta de cita de documento:** *desde a páxina do documento*, tras unha procura Set citation alert >

-**Alerta de revista:** *desde a páxina da revista* Set document alert

-**Alerta dunha procura:** *desde a páxina de resultados ou desde o historial* Set alert

Se estamos rexistrados, temos un menú arriba a dereita nas iniciais do noso nome, onde administramos procuras gardadas, alertas, listaxes,...

## 8-ANALIZAR PUBLICACIÓNS

En Sources podemos buscar unha revista e acceder aos seus datos e métricas.
Picando no título, en Compare sources > comparamos revistas buscándoas, picándoas e creando gráficas dos seus datos e métricas.




## 9- CONSELLOS DE PROCURA

- Buscar en inglés. O sistema asigna o booleano AND por defecto. Podemos empregar *, comiñas "" para buscar palabras consecutivas e chaves {} para frases exactas.

# Scopus

**Guía de uso**

Agosto 2021



Foto: Héctor Santos-Díez

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Biblioteca da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica